

**Tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar da Universidade de Santiago de Compostela, con requisito de idioma, subgrupo C2, convocado por Resolución do 18 de outubro de 2021 (DOG 8 de novembro de 2021)**

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, requisito de idioma, subgrupo C2, en sesión celebrada o día 25 de abril de 2024, en relación co segundo exercicio do proceso selectivo, que consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, más cinco de reserva, con catro respuestas alternativas propostas polo Tribunal, das que só unha será a correcta, correspondentes ao programa que figura como Anexo II á convocatoria, ACORDOU O SEGUINTE:

**PRIMEIRO:** Este exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos. O Tribunal acordou fixar o número de respuestas correctas para obter 15 puntos e superar o exercicio **en 60 respuestas correctas**.

**SEGUNDO:** As preguntas non contestadas, así como aquelas nas que se sinale más dunha resposta ou non se poida distinguir a sinalada como correcta na folla de respuestas que estea en poder do Tribunal, non computan. As respuestas incorrectas non computarán negativamente.

**TERCEIRO:** As preguntas de reserva, numeradas da 91 a 95, entrarán por orde a substituí ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre delas.

**CUARTO:** Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de lapis do número 2 e goma de borrar.
- Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento, que se iniciará a **partir das 10:30 horas**.

**QUINTO:** O Tribunal acorda informar que se publicarán no Taboleiro Electrónico e na Páxina web do Subárea de Planificación e Programación de PAS da Universidade as instrucións detalladas para desenvolvemento da proba con antelación á data da súa celebración (Anexo I).

Lémbrase aos e ás aspirantes que o tempo máximo de duración do exercicio será de 120 minutos dende que o Tribunal indique o seu inicio, agás para aquellas persoas que teñan concedida algunha adaptación que supoña ampliación do tempo establecido.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A presidenta do Tribunal

Carmen Martí Fernández

Taboleiro Electrónico da USC

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARÍA DEL CARMEN MARTÍ FERNÁNDEZ, NIF \*\*\*4436\*\*, 26/04/2024 09:22:50.

CSV: 2FBD-D9D2-47FE-A70A